



CERTIFICACIÓN

Don FRANCISCO JAVIER NOVOA JUIZ, secretario xeral do Concello de Vimianzo (A Coruña).

CERTIFICO:

Que a Alcaldía con data 30-03-2020 , ditou a Resolución 321/2020 que a continuación se transcribe:

"RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: MEDIDAS CONTRA A PROPAGACIÓN DO COVID 19. EXP.2020/X999/000153.

Adoptadas as medidas pertinentes para tratar de impedir a propagación do COVID 19 desde a declaración do Estado de Alarma o día 14 de marzo do presente ano, foron implementándose diversas actuacións a través de Reales Decretos Lei e Resolucións desta Alcaldía núm.295/2020 e 301/2020, de data 13/03/2020 e 17/03/2020, respectivamente.

Se ben reflíctese unha minoración da porcentaxe de contaxiados e falecidos, é notorio e así se comunicou polas autoridades sanitarias competentes que pode producirse unha saturación das UCIS polo que é preciso aumentar as restriccións de mobilidade e impedir o contacto social derivado sobre todo dos movementos asociados á actividade laboral.

Esto da lugar á publicación do Real Decreto Ley 10/2020 de 29 de marzo (BOE 29/03/2020), polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da lita contra o COVID-19 co fin de establecer que aquelas actividades que por definición negativa non se consideren servizos esenciais non deberán exercerse polos seus traballadores que deberán quedar na casa cun permiso retribuído recuperable nos termos previstos nos artigos 2 e 3 desta norma.

Considerando asímesmo o disposto no artigo 2^a) da Lei 8/2011 de 28 de abril.

Considerando os servizos esenciais previstos no anexo do Real Decreto Lei 10/2020 de 29 de marzo e o su ámbito excluído previsto no seu artigo 1.2.

Asímesmo e para dar publicidade e concretar esta actuación no seo do ámbito municipal e ao amparo das atribucións establecidas na Disposición Adicional 1^a do citado RDLei e o artigo 21.1.h) e m) da Lei 7/85 de 2 de abril,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Garantir a prestación como servizos mínimos esenciais do rexistro municipal, servizos sociais e protección civil para levar a cabo as actuacións de fumigación previstas e aquelas derivadas da implementación das medidas para evitar a propagación do COVID 19.

SEGUNDO.- O resto de servizos propios das Escalas de Administración Xeral, Especial e Habilitación nacional que poidan desenvolver as súas actividades mediante a modalidade de teletraballo continuarán nesta modalidade.

TERCEIRO.- Aquel persoal que non poida desenvolver a súa actividade mediante teletraballo e esta non se considere esencial dacordo co previsto nas Resolucións dictadas por esta Alcaldía e o Anexo do Real Decreto Lei 10/2020 de 29 de marzo, deberá quedar na casa cun permiso retribuído recuperable nos termos previstos no artigo 2 e 3 desta norma dende o día 30 de marzo ao 9 de abril de 2020 ambos inclusive.



CUARTO.- Suspender as actividades obxecto de aqueles contratos mercantís que estean suscritos con este concello, que non conleven servizos esenciais, de conformidade co establecido no antedito Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, dende o día 30/03/2020 ao 09/04/2020, ambos inclusive, sin prexuízo de valorar porrogar a suspensión asimilando a súa duración a do estado de alarma.

QUINTO.-Dar publicidade a esta resolución mediante a inserción de certificado da mesma no taboleiro de anuncios municipal e a sede electrónica deste concello dando conta ós diferentes departamentos municipais e os representantes dos traballadores.

SEXTO.- Estas medidas están supeditadas a evolución da actual situación de crise derivada da pandemia e a consecuente declaración do estado de alarma en España sen perxuízo de modificalas ou suprimilas á vista do devenir das circunstancias existentes.

SÉTIMO.- Dar conta desta Resolución na vindeira sesión ordinaria do Pleno do Concello.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario, dou fe.

A Alcaldesa

O Secretario xeral

Mónica Rodríguez Ordoñez

Francisco Javier Novoa Juiz

(documento asinado electrónicamente)”

E para que así conste, por orde e co visto e prace da Sra.alcaldesa, expido esta certificación, en Vimianzo.

A Alcaldesa

O Secretario xeral

Mónica Rodríguez Ordoñez

Francisco Javier Novoa Juiz

(documento asinado electrónicamente)”